

Maria Rosa Losada Suarez, Secretaria Xeral do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa,

CERTIFICO

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o día 26/01/2026 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS:

Educación

PRP2026/0176

O “Programa Universitario de Maiores IV Ciclo” que se pretende subvencionar, foi articulado mediante convenios de colaboración nos últimos anos coa Universidade de Santiago de Compostela. Trátase dun programa de formación dirixido aos alumnos e alumnas maiores de 50 anos, con independencia do seu nivel previo, pero con características e demandas de formación reguladas, que cada vez en maior medida esixe a composición demográfica da poboación.

A Universidade de Santiago de Compostela está interesada no achegamento da referida actividade a poboacións con esa demanda formativa, sendo o Concello de Vilagarcía de Arousa lugar idóneo para achegar a mesma á poboación de maiores da Comarca do Salnés.

A Universidade de Santiago e o Concello de Vilagarcía de Arousa suscribiron o 28/07/2021 o convenio de creación dunha sede de dito programa. Agora, propónse a súa renovación para impartir o 5º ano ao alumnado xa matriculado. O convenio manterase vixente por 1 ano dende a data da súa sinatura, que se corresponderá co curso académico 2025/2026.

A sede residirá, como nos anteriores cursos académicos, no Centro de Formación Matosinhos en Vilagarcía de Arousa.

O Concello de Vilagarcía de Arousa outorgará unha subvención de 20.362,95€ á Universidade para afrontar gastos derivados da docencia, coordinación, desprazamento, dietas e locomoción do profesorado e titores, así como do material didáctico necesario.

O prazo de xustificación da subvención finalizará o 30 de setembro de 2026, agás que se solicítase e concedese unha prórroga.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO. Aprobar o texto do convenio.

SEGUNDO. Autorizar e dispoñer o gasto coa Universidade de Santiago de Compostela (Q1518001A) por importe de 20.362,95€ e con cargo aplicación orzamentaria 320-48900.

E para que conste e produza efectos onde proceda, expido a presente en Vilagarcía de Arousa a 02/02/2026

Sinatura dixitalizada

